

**DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2023/G005/000006.**

**Excma. Sra. D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.**

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que se levará a cabo por **vía telemática** o vindeiro **mércores, día 15 de febreiro de 2023, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

**ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA**

**LICENZAS URBANÍSTICAS**

1. LICENZA URBANÍSTICA PARA LEGALIZACIÓN DE AMPLIACIÓN DE NAVE PARA COMERCIO POLO XUNTO DE ACCESORIOS DE VEHÍCULOS, LUBRICANTES E PINTURAS, EN SANTIAGO DE CASTELO NÚMERO 28 (Expte: 356/16).
2. LICENZA URBANÍSTICA PARA REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR, NA ESTRADA VELLA DE SANTIAGO NÚMERO 43. (2021/Y001/000258).
3. LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUCCIÓN DE NAVE PARA TALLER DE AUTOMOCIÓN, EXPOSICIÓN E VENDA DE AUTOCARAVANAS, NA ESTRADA NACIONAL VI-P.K 507,06 (2022/Y001/000155).
4. LICENZA URBANÍSTICA PARA A AMPLIACIÓN DE ALMACÉN DE APEROS EN SILVA, SAN XOAÁ DO CAMPO (2021/Y001/000298).
5. LICENZA URBANÍSTICA PARA EDIFICIO PARA DOUS GARAXES/APARCADOIROS, BASE DE URXENCIAS SANITARIAS 061 E CENTRO DE FORMACIÓN, NA RÚA DOMINGO FONTÁN RODRÍGUEZ,

## ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac7574724721816072888.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 15-2-2023

PARCELA K.1.2-1. PARQUE EMPRESARIAL AS GAÁDARAS.  
(2022/Y001/000275).

6. LICENZA URBANÍSTICA PARA BAIXADA A COTA CERO DE ASCENSOR EN EDIFICIO DE VIVENDAS ILLADO DE PLANTA SEMISÓTANO, BAIXA, ENTREPLANTA, CINCO PLANTAS ALTAS E BAIXOCUBERTA, NA PRAZA DO REI, NÚMERO 3. (2022/Y001/000256).

7. RECTIFICACIÓN DO ACORDO NÚMERO 10/501, ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN CELEBRADA O 4 DE AGOSTO DE 2021, QUE OUTORGABA LICENZA PARA REALIZAR TRABALLOS DE MANTEMENTO DA MURALLA ROMANA DE LUGO, CAMPAÑA 2021-2022 (Expte:2021/Y001/000110).

## PLANEAMENTO

8. APROBACIÓN DA CONTA DE LIQUIDACIÓN DEFINITIVA DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO REPARCELABLE Nº 1 DA UNIDADE URBANA 12 DE AUGAS FÉRREAS DO PXOU DE 1990 (URPI-2.R DO PXOM VIXENTE).

## ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

## CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

9. CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DA SUBMINISTRACIÓN DE ALIMENTOS E OUTROS PRODUTOS NO FOGAR DO TRANSEUNTE. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO. APERTURA DO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN. (EXP. REF. 2023/ C004/000005).

10. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA NO FOGAR DO TRANSEUNTE (LOTE 1) E SERVIZO DE VIXILANCIA NO CEI-NODUS-ESPAZO>LAB (LOTE 2). (EXPTE. REF. 7-2018) (TECOL 2020/C003/000050).

MODIFICACIÓN PREVISTA DO CONTRATO POR APLICACION DE NOVO CONVENIO COLECTIVO.

11. CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL (PREVENTIVO E CORRECTIVO) DOS EQUIPOS E COMPONENTES QUE FORMAN PARTE DOS EQUIPOS DE PROTECCIÓN RESPIRATORIA (ERA), ASÍ COMO OS SEUS EQUIPOS AUXILIARES, BOTELLAS DE AIRE COMPRIMIDO, COMPRESORES DE CARGA, RAMPA DE CARGA, EQUIPOS DE ESCAPE, TRAXES DE PROTECCIÓN QUÍMICA E DETECTORES DE GASES, DO SERVIZO DE PREVENCIÓN, EXTINCIÓN DE INCENDIOS Y SALVAMENTO (SPEIS) DO CONCELLO DE LUGO. EXP. 2022/C003/000029. ADXUDICACION.

12. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA E CONTROL DE ACCESOS AOS EDIFICIOS PÚBLICOS: CASA CONSISTORIAL EN PRAZA MAIOR E CENTRO DE SERVIZOS MUNICIPAIS EN ROLDA MURALLA 197. EXP. REF. 2021/C003/000009. PRÓRROGA DO CONTRATO DENDE O 14-1-23 ATA 13-1-2024.

13. CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO ENTRE RACING WOLF SPORT S.L. E O CONCELLO DE LUGO POLA PARTICIPACIÓN NA PROBA AUTOMOBILÍSTICA "DAKAR 2023". EXPTE REF. 2022-C005-000027. ADXUDICACION.

## PERSOAL

14. PROPOSTA NOMEAMENTO DE UNHA FUNCIONARIA DE CARREIRA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, PARA DESEMPEÑAR A PRAZA DE DIRECTOR/A GARDERÍA MUNICIPAL (GRUPO DE TITULACIÓN: GRUPO A (SUBGRUPO A2); ESCALA: ADMINISTRACIÓN ESPECIAL; SUBESCALA: TÉCNICA.

15. PROPOSTA RESOLUCIÓN CONCURSO POSTOS: XEFES DE NEGOCIADO E XEFES DE GRUPO.

16. INFORME PROPOSTA DE ADSCRIPCIÓN PROVISIONAL AO POSTO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO NO SERVIZO DE FACENDA LOCAL COD 65/32/1,

## **ACTAS E GOBERNO**

JDR/cvr

Refª: ispac7574724721816072888.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 15-2-2023

AO POSTO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVA ADMON MUNICIPAL NA SECRETARÍA XERAL COD 02/32 E AO POSTO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO NO SERVIZO DE ARQUITECTURA COD 23/32/2.

### **MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS**

#### **ROGOS E PREGUNTAS**

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

**Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,**